

ApiConecta

Tecendo Conexións Dixitais para Fortalecer a Apicultura



1. Obxectivos

Desenvolver un recurso dixital que beneficie á apicultura galega mediante a dixitalización da información recollida nas visitas aos colmeares e o establecemento dunha rede de comunicación áxil e bidireccional entre apicultores e persoal técnico.

2. ¿Por que é necesario?

A apicultura galega está atravesando un profundo período de crise con consecuencias moi negativas. Destaca a dificultade para combater enfermidades, o impacto da avésa asiática e o efecto do cambio climático, pero tamén a falta de recursos dixitais adaptados a realidade galega. Neste contexto o proxecto proporciona unha oportunidade para a modernización do sector.

O proxecto incorpora sistemas de dixitalización da información e establece canles de comunicación para mellorar a xestión das explotacións apícolas, incrementando a innovación, a dixitalización e a competitividade do sector.



3. Viabilidade técnica, económica e ambiental

O proxecto é viable tecnicamente e dende o punto de vista, económico e ambiental.

- Participa un grupo multidisciplinar con ampla experiencia en proxectos no sector agrícola e tecnolóxico.
- Mellora a xestión dos apiarios mediante o rexistro doado e áxil de datos. Permite proporcionar alertas, detección temperá de riscos, elaboración de informes e reducir custes de produción.
- Evítanse desprazamentos aos apiarios para visitas técnicas, reducindo a pegada de carbono.
- Consegue unha maior capacitación e formación dos apicultores. Polo tanto maior nivel de profesionalización.

4. ¿Quen participa?



A entidade solicitante é a Agrupación Apícola de Galicia, asociación de ámbito autonómico con cerca de 1000 socios e 85000 colmeas. Participan o Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia como organismo referente no sector apícola, a Universidade de Vigo con ampla experiencia en proxectos do ámbito agrario e tecnolóxico, a apicultora Dulcina Alvarez Regueiro e o apicultor Javier Seijo Muras como produtores primarios con experiencia na utilización de novas tecnoloxías.



Universidade de Vigo

5. ¿Qué se espera e para que?

Crear unha canle áxil de interacción bidireccional entre apicultores e técnicos, mediante unha plataforma informática que a súa vez sirva de punto de difusión; así como mellorar a xestión das explotacións apícolas incorporando unha ferramenta que, a partir de rexistros de audio, tome datos para seren almacenados de forma ordenada. Agardase o posicionamento da apicultura galega na vangarda da apicultura nacional, polo grado de modernización.

6. Aplicación no rural galego

O proxecto mellorará a capacidade tecnolóxica e modernizará o sector apícola, reconvertendo as explotacións para que sexan máis sostibles, utilizando os recursos con maior eficiencia e favorecendo o traballo diario de apicultores e técnicos.

A aplicabilidade no sector produtivo do rural galego é altamente relevante e beneficiosa, xa que aumentará a competitividade e mellorará a renda dos apicultores e apicultoras.

Galicia conta cunha importante actividade apícola que repercute directamente sobre a produción agrícola e a biodiversidade.

Este proxecto permitirá aos apicultores recibir notificacións inmediatas sobre posibles ameazas ou enfermidades que afectan as abellas, proporcionando a oportunidade de tomar medidas preventivas ou correctivas de maneira oportuna, reducindo así as perdas. Axudará a dixitalización das explotacións apícolas.



12 PRODUCCIÓN Y CONSUMO RESPONSABLES



13 ACCIÓN POR EL CLIMA



15 VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES

